



CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



ANEXO TÉCNICO-ECONÓMICO PARA A EXECUCIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DE MARKETING NO MARCO DO PPEC 24-25 DA OPP DE NOIA DA ANUALIDADE 2025

LOTE 1 SERVIZOS DE MARKETING E CONTIDOS NO MARCO DAS ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN E INFORMACIÓN AOS CONSUMIDORES 2025 SOBRE O BERBERECHO DE NOIA NO MARCO DO MEDIDA PLAN DE MARKETING E COMUNICACIÓN 360 DA OPPNOIA

A. ENCADRAMENTO E OBXECTIVOS A LOGRAR CO PLAN DE MARKETING E COMUNICACIÓN 360 E COAS ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN

A.1 Encadramento da medida

Esta asistencia técnica encadrase dentro da medida do Plan de Promoción e Comercialización da Organización de Produtores Pesqueiros de Noia - OPPNoia do ano 2024-2025.

Esta medida está completamente vinculada cos obxectivos OCM recollidos na recomendación da Comisión de 3 de marzo de 2014 relativa a aplicación dos Plans de Producción e Comercialización seguintes:

- 3.1.3.2. Mellora das técnicas de trazabilidade
- 3.1.3.4. Preparación e realización de accións de comunicación e información aos consumidores.

Encadramento dentro do PPEC

- MEDIDA 202595S3M04
- ACCIÓN 5 Accións de comunicación e información ao consumidor. 5.2 Campaña de comunicación. Servizos de marketing e creación de contidos da campaña.

A2 Obxectivos da OPPNOIA con esta medida

Os obxectivos que persegue a OPPNOIA centranse en mellorar valorización do sector marisqueiro de Noia e o labor dos seus asociados. Por iso o Plan de Marketing e Comunicación que se desenvolveu é unha das súas ferramentas principais para conseguir esas metas e converterse nunha entidade representativa do marisqueo en ante os consumidores, institucións e o propio sector.

Este Plan de Comunicación e Marketing, defineu:

- Os obxectivos específicos para posicionar a marca “Berberecho de Noia” son:
 - Aumentar o recoñecemento do selo
 - Posicionamento como marca de referencia en calidade e sustentabilidade
 - Impulsar as vendas e fidelizar clientes
 - Aumentar demanda e consumo de berberecho de Noia en Galicia
 - Aumentar demanda e consumo de berberecho de lata nos principais mercados a nivel estatal
 - Fortalecer a presenza dixital a marca
- Os públicos obxectivos do plan son
 - Consumidor xeral - gourmet e o preocupado pola sustentabilidade



CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



- ☐ Hostelería
- ☐ Mercados e tiendas
- ☐ Conserveiras
- Dos eixes estratéxicos previstos no Plan de Marketing ao que esta medida contribúe son:
 - ☐ Posicionamiento da marca para apoiar a trazabilidade
 - ☐ Información e divulgación ao consumidor
 - ☐ Dixitalización e notoriedade online da orixe para apoiar a trazabilidade
 - ☐ Alianzas estratéxicas para mellorar a información ao consumidor e a trazabilidade.

A realización da campaña 2025 quere dar continuidade e ampliar as primeiras accións que se realizaron a finais de 2024.

Querease que o selo Berberecho de Noia sexa percibido como sinónimo de calidade e excelencia, informar o consumidor para que coñeza os seus diferenciais e por que debe elixir este berberecho fronte a outras opcións.

O obxectivo final é informar o consumidor para que busque o selo Berberecho de Noia na súa peixaría ou supermercado e demándeo.

Directrices:

- Obxectivos:
 - ☐ Reforzar o recoñecemento da marca “Berberecho de Noia”.
 - ☐ Mellorar a información ao consumidor e a trazabilidade (OCM).
 - ☐ Incrementar a presenza dixital e o posicionamento web/rrss do berberecho de Noia para incrementar a demanda.
- Público obxectivo prioritario: consumidor final.
- Ámbito xeográfico:
 - ☐ Prioritario Galicia
 - ☐ Secundario: principais mercados nacionais.
- Canales
 - ☐ Prioritarios: web, redes sociais, publicidade dixital e eventos
 - ☐ Secundario: exterior, radio, notas de prensa e influencers.

B. CARACTERÍSTICAS DO LICITADOR

O proveedor deberá ofrecer os servizos de consultoría de marketing e o desenvolvemento de contidos.

Código CPV: 79413000 – Servicios de consultoría en gestión de marketing

C. TRABALLOS A REALIZAR E ORZAMENTO

Traballo 1. Melloras da páxina web

- Traballo: Melloras da web actual



CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



- Realizar un deseño responsive, optimización SEO On Page, accesibilidade e usabilidade web de berberecho de Noia.
 - Desenvolvemento de novos apartados de noticias/blog e receitas para mellorar a información ao consumidor e os obxectivos da OCMEjecución da campaña de comunicación de 2025. (202595SEM04_Acción 5.2)
- Información: As novas seccións incluírán os logotipos OPP95, FEMPA e Xunta de Galicia e serán subministrados pola adxudicatario responsable do deseño dos contidos.
- Xustificación: Achegaranse evidencias das novas seccións desenvoltas cunha explicación dos traballos técnicos executados (checklist de accesibilidade WCAG 2.1 AA, listaxe de melloras UX, capturas antes/despois..) na memoria técnica que deberá presentar o proveedor. Inclúirá capturas de pantalla da situación inicial antes das melloras e da situación tras as melloras.
- Orzamento máximo: 3.500,00 € + IVE

Traballo 2. Campaña de posicionamento da do berberecho de Noia a través de Redes Sociais e de contidos nas novas seccións da web www.berberechodenoia.com

- Traballo: campaña de posicionamento dixital: redes sociais e web
 - Planificación e calendarización de accións online (web e RRSS)
 - Deseño mensual de estratexia para redes sociais e web
 - Xeración e deseño de contidos para RRSS e web (8 contidos para redes e 1 para blog cada mes) para mellorar a información ao consumidor e os obxectivos
 - Xestión de redes (mínimo 2 horas semanais)
- Información: As publicacións en redes sociais e na web incluírán incluírán os logotipos OPP95, FEMPA e Xunta de Galicia e serán subministrados pola adxudicatario responsable do deseño dos contidos.
- Xustificación: Achegaranse evidencias das publicación realizadas e un análise do impacto nos mercados obxectivos(alcance, engagement, clics a web..) na memoria técnica que deberá presentar o proveedor incluído as persoas receptoras das actuacións e medios.
- Orzamento máximo: 7.200,00 € + IVE

Traballo 3. Accións de promoción en prazas de abastos

- Traballo: Acción de promoción en prazas de abastos a través de elaboración de material de información ao consumidor e a súa distribución en prazas de abastos.
 - Folletos informativos nos principais mercados de Galicia (5000 dípticos en 15x15)
 - Distintivos para os postos
 - Reparto en 8 mercados galegos
- Información: O folleto informativo e os distintivos incluírán incluírán os logotipos OPP95, FEMPA e Xunta de Galicia e serán subministrados pola adxudicatario responsable do deseño dos contidos.
- Xustificación: Achegaranse evidencias fotográficas e copias dos materiais entregados (folletos informativos e distintivos, albaráns de entrega, fotografías)



CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



dos 8 mercados onde se fará a acción e incluírase na memoria técnica que deberá presentar o proveedor

- Orzamento máximo: 3.000,00 € + IVE

Traballo 4. Campaña de mellora da comunicación interna para aliar a comunicación dos produtores aos consumidores cos obxectivos da OCM a través dun newsletter mensual.

- Traballo: elaboración dun newsletter para os produtores da OPP95 de Noia para que poidan contribuir a mellora da información ao consumidor sobre os obxectivos do plan de marketing e da OCM
 - Elaboración de polo menos 1 newsletter para os produtores da OPP95 sobre os obxectivos da OCM e como poden contribuir a súa consecución nas accións directas de comunicación co consumidor-cliente.
 - Os contidos elaborados en cada newsletter teñen que contribuir a algún dos seguintes obxectivos da OCM
 - Mellora das técnicas de trazabilidade
 - Preparación e realización de accións de comunicación e información aos consumidores.
- Información: As newsletters incluírán os logotipos OPP95, FEMPA e Xunta de Galicia e serán subministrados pola adxudicatario responsable do deseño dos contidos.
- Xustificación: Achegaranse copias dos newsletters enviados cos contidos vinculados a OCM co obxectivo de mellorar a comunicación posterior dos produtores cos clientes/consumidores. Inclúira copias dos envíos e una análise do impacto na memoria técnica que deberá presentar o proveedor
- Orzamento máximo: 1.260,00 € + IVE

TOTAL ORZAMENTO LOTE 1. 14.960,00 € + IVE

*Todo o material desenvolto inclúe a cesión de dereitos de uso a OPP95 para fins institucionais.



CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



LOTE 2 SERVIZOS DE MARKETING, PLANIFICACIÓN E CONTIDOS NO MARCO DA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN E VALORIZACIÓN DO BERBERECHO DE CUARTA DENTRO DA MEDIDA NO MARCO DA MEDIDA 202595S4M01

A. ENCADRAMENTO E OBXECTIVOS A LOGRAR CO PLAN DE MARKETING E COMUNICACIÓN 360 E COAS ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN

A.1 Encadramento da medida

Esta asistencia técnica encadrase dentro da medida do Campaña de promoción y valorización del berberecho de 4º.

Esta medida está completamente vinculada cos obxectivos OCM recollidos na recomendación da Comisión de 3 de marzo de 2014 relativa a aplicación dos Plans de Producción e Comercialización seguintes:

- 4.2. Desenvolvemento de estratexias e instrumentos específicos de produción y comercialización

Encadramento dentro do PPEC

- MEDIDA 202595S4M01 Desenvolvemento de Actividades 2025
- Accións:
 - Acción 1. Planificación de evento/os de promoción para poñer en valor o berberecho de cuarta xeneración e desenvolvemento dunha campaña de promoción específica.
 - Acción 2 Desenvolvemento de evento/os de promoción en mercado de abastos.
 - Acción 3 Envíos de polo menos dunha 1 nota de prensa a medios locais

A2 Obxectivos da OPPNOIA con esta medida

Os obxectivos que persegue a OPPNOIA nesta medida e promover e valorizar o berberecho de cuarta categoría, atraendo a novos consumidores e fortalecendo a súa posición no mercado de mariscos como unha estratexia específica de comercialización en liña co obxectivo OCM de adaptar a oferta de determinadas especies con dificultades de comercialización ao longo do ano.

O obxectivo da medida é adaptar a oferta de determinadas especies.

Os obxectivos das accións previstas son fomentar a adaptación da oferta de especies con dificultades de comercialización, como é o berberecho de tamaño máis pequeno, e posicionar esta categoría como un produto selecto por tamaño e sabor: pequeno, pero con calidade premium. Informar ao consumidor sobre a calidade e os diferenciais de este berberecho e aliñar a categoría coas tendencias de gastronomía (tapas, receitas lixeiras, conservas gourmet).



CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



B. CARACTERÍSTICAS DO LICITADOR

O proveedor deberá ofrecer os servizos de consultoría de marketing e o desenvolvemento de contidos.

Código CPV: 79413000 – Servicios de consultoría en gestión de marketing

C. TRABALLOS A REALIZAR E ORZAMENTO

Traballo 1. Planificación da promoción do berberecho de cuarta xeneración e dos eventos promocionais para o 2025. (Acción 1)

- Traballo: Deseño dun plan de promoción específico para o Berberecho de cuarta que inclúa a organización dalgún evento promocional. Este traballo incluirá:
 - Elaboración dun documento de planificación da promoción do berberecho de 4ª que inclúa entre as accións un evento. Os contidos mínimos desa planificación serán:
 - Obxectivos
 - Definir diferenciáis e mensaxes clave
 - Público obxectivo
 - Planificación de accións para mellorar a información ao consumidor e fomentar a adaptación da oferta de especies con dificultades de comercialización (o berberecho de cuarta) incluíndo a organización de eventos.
 - Seguimiento da execución do planificado e executado durante o 2025.
- Información: O documento elaborado incluirá os logotipos OPP95, FEMPA e Xunta de Galicia e serán subministrados pola adxudicatario responsable do deseño dos contidos.
- Xustificación: Achegaranse os documento de planificación e unha memoria técnica que deberá presentar o proveedor coa execución da campaña.
- Orzamento: 1.500,00 € (Impostos non incluídos)

Traballo 2. Planificación dun “naming” das categorías do berberecho de Noia para valorizar o de berberecho de 4ª ante o consumidor tanto nas campañas como nos eventos. (Acción 1)

- Traballo: Elaboración dunha estratexia de novo “naming” (proposta de novas denominacións substitutivas de “cuarta” con manual de uso en campañas/eventos) para as categorías do Berberecho de Noia para evitar o termo “cuarta”, que transmite connotación negativa ou de menor calidade.
 - Elaboración dun documento de onde se dote a OPP95 dunha ferramenta de comunicación con novas categorías do berberecho de Noia e que é básica para a execución das accións de promoción e comunicación do berberecho de Noia.



CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



- Información: O documento de naming e aplicacións elaborado incluírá os logotipos OPP95, FEMPA e Xunta de Galicia e serán subministrados pola adxudicatario responsable do deseño dos contidos.
- Xustificación: Achegaranse os documento cos novos “naming” das categorías de berberecho buscando o axeitado para por en valor o berberecho de 4ª e incluírase o uso que deste documento se fai na memoria técnica que deberá presentar o proveedor coa execución da campaña.
- Orzamento: 1.100,00 €

Traballo 3. Desenvolvemento de eventos de promoción nos mercados de abastos. (Acción 2 e Acción 3)

- Traballo: Desenvolvemento de varios eventos de promoción do berberecho de 4ª atraendo a novos consumidores e fortalecendo o seu posicionamento no mercado de mariscos, en liña co obxectivos da OCM de adaptar a oferta de especies con dificultades de comercialización. Isto incluírá as seguintes actividades:
 - 1 evento de promoción en mercado de abastos
 - 1 acción culinaria participativa
 - Elaboración de 5000 exemplares dun folleto con información da marca e recetas (entrega a OPP para distribución no punto de venda directa da OPP95, nos eventos e para distribución a outros colectivos obxectivo)
 - Envío de polo menos unha nota de prensa a medios locais sobre os eventos
 - Elaboración dun dossier de prensa dixital para enviar a medios interesados, chefs ou colaboradores da marca de cara a favorecer a información ao consumidor e a promoción e valorización do berberecho de Noia de cuarta categoría.consumidores
- Información: O folleto e dossier, xunto co material que se dispoña na degustación, charla e taller incluírán os logotipos OPP95, FEMPA e Xunta de Galicia e serán subministrados pola adxudicatario responsable do deseño dos contidos.
- Xustificación: Achegaranse copia en papel e dixital dos folletos elaborados, copia dixital do dossier de prensa e incluírase evidencias da execución dos eventos promocionais e información do impacto de todas as accións, na memoria técnica que deberá presentar o proveedor coa execución da campaña.
- Orzamento: 5.200,00 € (Impostos non incluídos)

TOTAL ORZAMENTO LOTE 2: 7.800,00 € (Impostos non incluídos)

*Todo o material desenvolto inclúe a cesión de dereitos de uso a OPP95 para fins institucionais e no seu caso a entrega de ficheiros abertos.

PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO



CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



- O prazo máximo de execución do contrato será: 30/12/2025 a contar dende a publicación no perfil do contratante da resolución de adxudicación.

ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN DOS DOUS LOTES:

- Lote 1: 14.960,00 € (Impostos non incluídos)
- Lote 2: 7.800,00 €
- Total contratación: 22.760,00 €